



# **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA) CELEBRADA O DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2015**

## **SESIÓN Nº 2/2015**

### **ASISTENTES**

#### **ALCALDE-PRESIDENTE**

Moisés Rodríguez Pérez

#### **CONCELLEIROS/AS**

##### **GRUPO MUNICIPAL DO PP**

Vanesa Rodríguez Pereira.  
Dorinda Olga Montes Moldes.  
Jose Angel Villaverde Rocha.  
Ángel Gutiérrez González  
Raquel Lorenzo Pimentel.

##### **GRUPO MUNICIPAL ATT**

Miguel Angel Capón Rey  
María Beatriz Fernández García  
Telmo González Ramos

##### **GRUPO MUNICIPAL PsdG-PSOE**

Enrique Cabaleiro González

##### **GRUPO MUNICIPAL BNG**

Laureano Alonso Álvarez

##### **GRUPO MIXTO**

Carlos Vázquez Padín

#### **SECRETARIA**

Irene Suárez López

#### **AUSENCIAS XUSTIFICADAS:**

José Martínez Tato

#### **AUSENCIAS NON XUSTIFICADAS:**

Marcelino Cendón Vázquez.  
Manuel González Vázquez.  
Antonio Castro Negro  
Carmen Paula Gómez Pérez

Na Casa do Concello, ás trece e trinta horas do día cinco de febreiro de dous mil quince, reúnen os/as Sres./as. Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, Moisés Rodríguez Pérez. Asiste a Secretaria da corporación, Irene Suárez López..O obxecto da reunión é realizar sesión extraordinaria e urxente en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

O Alcalde desculpa a non asistencia dos concelleiros que faltan, que non poder acudir por motivos laboráis.

De seguido a corporación municipal garda un minuto de silencio na memoria do ex Alcalde, D. José Luis Gómez Núñez.

#### **1º .- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

**Sometida a votación a ratificación da urxencia da sesión é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 12 votos).**

#### **2º.- TESTEMUÑA DE CONDOLENCIAS DO CONCELLO DE TUI E DECLARACIÓN DUN DÍA DE LOITO OFICIAL, POLO FALECIMENTO DO EX ALCALDE D. JOSE LUIS GÓMEZ NÚÑEZ.**

O Alcalde di que hai unha proposta asinada por todos os concelleiros da que da lectura a Secretaria a continuación e que de xeito literal di:

#### *TESTEMUÑA DE CONDOLENCIAS DO CONCELLO DE TUI POLO FALECIMENTO DO EX ALCALDE D. JOSÉ LUIS GÓMEZ NÚÑEZ*

*Os abaixo asinantes, concelleiros do Excmo. Concello de Tui, ó ter coñecemento do falecemento de D. José Luís Gómez Núñez, ex alcalde desta institución, sendo concelleiro ó longo de dúas décadas, fan consta-la súa profunda testemuña de condolencia á súa dona, fillos e demais familia pola irreparable perda do compañeiro que presidiu este concello, institución que quixo distinguilo entregándolle no ano 2003 a Medalla da Cidade.*

*Por todo isto, os concelleiros asinantes propoñen ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Declarar como día de loito oficial o venres día 6 de febreiro de 2015 no concello de Tui*

*2º.- Remitir a súa viúva e fillos as condolencias e o pesar de toda a corporación polo falecemento de D. José Luís Gómez Núñez.*

**Sometido o asunto a votación é por UNANIMIDADE dos asistentes adoptouse o seguinte ACORDO:**

**1º.- Declarar como día de loito oficial o venres día 6 de febreiro de 2015 no concello de Tui**



## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570

---

2º.- Remitir a súa viúva e fillos as condolencias e o pesar de toda a corporación polo falecemento de D. José Luís Gómez Núñez.

O concelleiro Carlos Vázquez Padín pide intervir por unha cuestión de orde e di que, dende CXXI consideran que recibir a dieta que lles corresponde por ese pleno non é de recibo, xa que todos queren rendir homenaxe ao ex Alcalde José Luís Gómez Núñez, pero non cargar mil euros ás arcas municipais, polo tanto, di que renuncia á dieta e que os concelleiros dos demais grupos son libres de facer o que queiran.

E non habendo mais asuntos que tratar douse por finalizada a sesión sendo as trece horas e trinta e oito minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº